

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo de convocatoria:

Ordinaria

Data:

3 de xullo de 2025

Duración:

Desde as 20:32 ata as 22:59 horas

Lugar:

Salón de plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SI
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	NON
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SI
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SI
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SI
***1083**	Salustiano Guerra García	SI
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SI
***7194**	Saúl Olmo Vaqueiro	NON
***7850**	Selene González Luis	SI
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA



Aprobación da acta da sesión anterior

a) Borrador da acta do pleno 2025/3, do 24 día de marzo

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/3 extraordinaria urxente do 24 de marzo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/3, extraordinaria urxente do 24 de marzo; **que é aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE concelleiros/as asistentes á presente sesión.**

b) Borrador da acta do pleno 2025/4, do día 24 de abril

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/4 ordinaria do 24 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/4, ordinaria do 24 de abril; **que é aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE concelleiros/as asistentes á presente sesión.**

c) Borrador da acta do pleno 2025/5, do día 8 de maio

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/5 extraordinaria urxente do 8 de maio enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/5, extraordinaria urxente do 8 de maio; **que é aprobada por DEZ VOTOS A FAVOR dos Sres./Sras. concelleiros/as Rodríguez Canosa, Pérez Cabaleiro, Lorenzo Rodríguez, Núñez Troncoso, Fernández Pérez, Troncoso Estévez, Castiñeira Alén, Rodríguez Davila, González Luis e Rocha Núñez; e UNHA ABSTENCIÓN do Sr. concelleiro Guerra García por non asistir á sesión.**



Expediente 890/2025. Aprobación inicial da Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Troncoso Estévez: Traemos a aprobación inicial da Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais, unha ordenanza que cremos esencial para a xestión da biomasa e das parcelas que están sen limpar. Desde o departamento de Medio Ambiente temos moitos expedientes sobre a mesa neste eido e cremos que é imprescindible sacar esa ordenanza que é unha ferramenta que nos vai permitir axilizar todos estes expedientes que temos. Actualmente a normativa que estamos levando a cabo desde o departamento é a Lei 7/2012 de montes de Galicia, a Lei 3/2007 de prevención e defensa conta os incendios forestais e a Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia. É a normativa que nos ampara para levar e controlar todo este tema da xestión da biomasa. Os expedientes que se nos están acumulando son en solo urbano e núcleo rural, porque aí digamos que a competencia é municipal, se ben é certo que estamos aplicando esta normativa pero cremos que esta ferramenta nos vai permitir ser máis áxiles á hora de facer cumprir as obrigas e poder poñer sancións ou poder axilizar todo este trámite. A ordenanza en si recolle aspectos fundamentais como as obrigas das persoas propietarias e os criterios de xestión, é dicir, todos temos que manter as nosas parcelas, *fincas*, en condicións de seguridade, salubridade, a obriga da eliminación de especies pirófitas, neste caso esas especies que favorecen a expansión dos incendios forestais, necesidade de facer as podas e ter as *fincas* en condicións de limpeza e salubridade. Indícase tamén o réxime de autorización para realizar as cortas de arborado, os procedementos para a xestión de biomasa, como debemos xestionala, como proceder e como facer proceder en caso de incumprimentos e no caso daquelas parcelas que non teñen propietarios, que tamén é un grande problema e con esta ferramenta nos vai permitir atacar este problema. Tamén o réxime sancionador para aquelas propiedades que son recorrentes e manifestan unha perigosidade para as persoas, para os animais e incluso para as vías públicas. Tamén nos permite realizar a execución subsidiaria e facer o cargo dos custes, vains permitir a nós como Concello con medios propios ou a través dalgunha empresa facer esas limpeza que moitas veces nos comunican os veciños. En canto ás plantacións, basicamente o que se fai é a prohibición de novas repoboacións forestais neste solo, non está permitido en solo de núcleo rural e solo urbano facer novas plantacións. Os aspectos claves desta ordenanza son: a necesidade dun instrumento que nos dea ese amparo xurídico para poder atacar esta problemática que temos e destacar o departamento de medio ambiente, esa competencia sancionadora da que falabamos que nos vai a permitir axilizar e sobre todo velar pola seguridade dos nosos montes, das nosas *fincas* e facer que haxa menos risco de incendios e poder atacar o problema de raíz. E para concluír, agradecer ao departamento técnico, neste caso ao departamento de Medio Ambiente, que son coñecedor de primeira man do traballo que estes expedientes supoñen, a carga burocrática, de traballo en horas para o persoal do departamento e esperamos que con esta ferramenta poidamos axudar neste departamento.

Sra. Rocha Núñez: Tal e como manifestamos, o Partido Popular, o pasado luns na Comisión notificabamos que a través do artigo 133 da Lei 39/2015 perfectamente aplicable á elaboración da Ordenanza sobre xestión de biomasa por parte dos concellos. Antes de redactar a ordenanza, o Concello pode abrir un período de consulta no seu portal web para que a



veciñanza opine sobre os problemas que se queren solucionar; como por exemplo o risco de incendios, necesidade e oportunidade da norma, obxectivos, seguridade, limpeza, cumprimento legal e alternativas posibles como campañas de concienciación, convenios con empresas de limpeza etc., tamén a participación cidadá, esta fase permite que as persoas afectadas pola norma, propietarios de terreos, comunidades de montes, asociacións veciñais... poidan facer achegas antes de que se redacte o texto definitivo e tamén é moi importante a transparencia e mellora a normativa. A consulta pública axuda a que a ordenanza sexa máis clara, eficaz e adaptada á realidade local, de feito o Ministerio de Transición Ecolóxica aplicou este artigo para consultar normas sobre biomasa. Si é posible, e mesmo recomendable, levar unha ordenanza a exposición pública antes da súa aprobación definitiva, de feito a lexislación vixente establece varios pasos no proceso de elaboración dunha ordenanza municipal: consulta pública previa (opcional pero recomendable), que é o que esiximos por parte do noso partido, permite recoller opinións da cidadanía antes de acabar o borrador, a aprobación inicial polo Pleno do Concello, exposición pública durante o período de 30 días e despois publicación no BOPPO e no taboleiro de anuncios do Concello para que a veciñanza poida presentar as alegacións e suxestións e, definitivamente, a aprobación unha vez resoltas todas as alegacións. Iso é o que manifestamos, que se respecte. E facelo público, primeiramente.

Sr. Guerra García: Nós criticamos na Comisión a présa con aprobar esta ordenanza a estas alturas do mes do ano, nos mes de xullo, criticamos esa présa porque dicíamos que o tecido asociativo, nomeadamente as asociacións de veciños, incluso máis que as comunidades de montes, o lóxico é que se lle dese a opción de falar antes de traer esta ordenanza aquí. O Goberno local entende sempre a relación co tecido asociativo ao revés: primeiro aprobo e logo dígoche se queres dar opinión, a opinión é antes non despois. Tan á présa o fixeron que non tiñan necesidade, na medida en que os informes que temos da técnica de Medio Ambiente din claramente: “A ordenanza que se pretende aprobar non deixa de ser unha extensión da normativa autonómica reguladora...” ou que “a actuación da presente ordenanza tampouco suporá ningunha obriga relevante para os usuarios xa que, como se está a dicir, estes xa viñan obrigados a levar a cabo estes labores de conservación impostos polo art. 135 da LSG nas súas parcelas”, é dicir, non había tanta présa como obviar a posibilidade de que as asociacións de veciños tiveran o texto antes de traelo a pleno e se lles dera voz..., porque ao final non sabemos en que quedou todo aquel Consello social e aquelas comisións diferentes que se estableceron hai tres anos, para nada, os veciños seguen tendo voz despois de que se pase polo pleno, e de feito, eu creo que o Goberno local tomou boa nota porque, casualmente, hoxe lle comunica ás asociacións de veciños, que se vai a aprobar esta ordenanza. Por que non o fixeron antes? Se tanta présa tiñan, que é evidente que tiñan présa porque incluso na proposta que se nos trae da Alcaldía se fala de: “Vista a necesidade de proceder á aprobación dunha nova Ordenanza municipal en materia de circulación”... Nin sequera revisaron o texto co que se nos trae aquí esta proposta, debían ter un pouco máis de coidado, sobre todo a señora Alcaldesa, e ver o que firma, porque vén firmado pola señora Alcaldesa. En todo caso, eu pediría que non lle deamos máis patadas á nosa lingua, aínda que aquel alcalde do Carballiño pretendía que a Real Academia Galega metera *pulpo* para definir o polbo cefalópodo porque a festa estaba consolidada e mudar o nome era terrible, a palabra *finca* non existe no galego e eu doulles a opción, se non queren ir ao dicionario: predio, terreo, leira ou parcela, usen calquera delas pero non lle dean patadas á lingua. Se tanta présa teñen por aprobala, nos imos a abstermos polo método que traballaron e eu pediríalles que non esperasen a que saíse publicado. E xa que meten as xestas como especie pirófitas, no lugar da Pedra, na Picoña, hai unha parcela duns



3000 metros municipal que é un xestal, a ver se pasan por alí e toman nota e dan exemplo aos veciños.

Sra. Alcaldesa: Ante a exposición do compañeiro do grupo mixto, eu quixera dicir un par de cousiñas. Creo que vir sistematicamente a esta sesión plenaria a dicir que o Goberno falla nas relacións co tecido asociativo..., de feito creo que vostede participou nunha como membro da Asociación veciñal da Picoña esta semana onde precisamente parte do goberno foi a explicar os proxectos que estaban en marcha, os que se fixeron estes dous anos de legislatura, o que estaba por vir, en que podían ser partícipes, que achegaran, que houbera participación, comunicación... Non lle escoitei dicir absolutamente nada señor Salustiano. Está ben que o diga aquí en Pleno con esa verborrea que o caracteriza, sinto que golpeemos a lingua, non é a nosa intención posto que somos defensores dela, pero iso que fala sistematicamente das relacións nulas co tecido asociativo non é certo e a mostra tena vostede mesmo cando o recibimos como tecido asociativo precisamente. Nós non temos présa, ou si, tanta présa como ten o fogo eu lémbrolle que a maior vaga de fogos do noso Concello foi en outubro do 2017, igual non o lembra, creo que habería que tomarse en serio esta situación e desde logo o Concelleiro e o equipo técnico así o valoraron. Non creo que haxa por que dicir que non hai présa, hai moita présa por solucionar un problema que temos cos nosos montes e coas nosas *fincas*, moita présa. En canto á proposta, todos somos humanos e todos erramos, eu a primeira, incluso á hora de firmar e de facer as propostas. Tamén é certo que o luns na Comisión non fixo ningún comentario sobre esta cuestión e estaba o mesmo erro sobre a mesa, as Comisións tamén serven para que a oposición *aporte* e faga os documentos máis ricos.

Sr. Troncoso Estévez: Xa o explicou bastante ben a alcaldesa, nós creo que nos caracterizamos por escoitar e por falar coa veciñanza e co tecido asociativo. Neste caso, se nós temos uns informes técnicos que nos din que non é necesaria esta fase de audiencia-exposición pública porque posteriormente vai a haber un período de 30 días para calquera tipo de alegacións, pois todo o que poidamos apremar neste sentido... Xa sabemos que a burocracia é xa complicada, todo o que poidamos resumir ou acurtar creo que benvido sexa. Dito isto, se as comisións serven para algo é para que expoñades as vosas preocupacións. Vin que había certa preocupación en que esta ordenanza non chegase a todo o tecido asociativo das parroquias, pois, efectivamente esta mañá fixen a convocatoria para o venres día 18 ás 19:30 h para expoñerlles, por se sae adiante este ordenanza, e se non sae, para poder traballar sobre ela os aspectos que eles cren que funcionan e que aspectos se poden mellorar. Creo que é máis unha ferramenta para o departamento técnico, neste caso de Medio Ambiente, máis burocrático, para axilizar esta tramitación e facer cumprir a normativa. Perfecto, a nosa idea é que todo o mundo sexa coñecedor desta normativa, as súas obrigas e que os montes estean limpos e que poidamos evitar os incendios que ao fin e ao cabo é para o que creamos esta ferramenta.

Sra. Alcaldesa: Quen si *aportou* na Comisión foi Vanessa facendo referencia a que a Lei non nos obriga a esas consultas previas, pero considerou dicir que sería bo, interesante, neste período de alegacións, xa que non se fixo antes, que os colectivos sociais *aportasen*; de aí que desde o Goberno a mandásemos o antes posible. A Comisión foi o luns e esta mensaxe de convocatoria xa ten data para que a veciñanza e os colectivos sociais *aporten*. As comisións están para iso, para facer *aportacións* en positivo e para levalas adiante.



Sra. Rocha Núñez: Repetirme un pouco no mesmo que dixen antes: é recomendable levar antes da aprobación da Ordenanza a exposición pública, antes da súa aprobación definitiva, e ao que nos remitimos.

Sra. Alcaldesa: Así é, de feito, se hoxe sae adiante a aprobación inicial, hai un período de *aportacións*, ese é o período que utilizaremos para falar cos colectivos, antes de traelo novamente a aprobación definitiva.

Sr. Guerra García: Non falen dos montes porque o tema da limpeza dos montes está regulado por outras vías, esta ordenanza non vai regular a limpeza dos montes, iso sábeno vostedes, entón a urxencia non vén por aí. Se hai alegacións, irán ao próximo pleno, que será en agosto. Publicado irá a finais de setembro tranquilamente, xa me dirán que présas tiñan para iso... En todo caso, señora Presidenta, está claro que vostede entende as relacións co tecido asociativo diferente a como as entendemos nós, vostede efectivamente chama á asociación de veciños para que xunte á xente e para contarlle o que xa fixeron, pero non lle contan o que van facer. Normalmente é así, nós entendémolo doutro xeito, nós entendemos “pre-”, sempre “pre-”, porque senón o respecto ao tecido asociativo para nós non existe, simplemente logo hai comunicación, xa ve que entendemos as cousas de diferente xeito.

Sra. Alcaldesa: Moi diferente, efectivamente, porque nesta reunión última que tivemos esta semana co tecido asociativo da Picoña para contarlle as obras, entre elas que para a semana do 14 comeza o saneamento nun treito do barrio do Carballal, podía producirse esta información cando Selene e eu fomos a informarvos da situación do proxecto de recuperación da Aula do Mestre na Picoña, pero como só había que tratar aquel punto e non se podía abrir máis, e isto foi o que dixo a Asociación, só se tratou aquel punto. Senón teríamos dado explicacións de todo o que estaba traballando o Concello, que foi o que fixemos o outro día, que tamén se falou de obras de futuro.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a necesidade de proceder á aprobación dunha nova ordenanza municipal en materia de circulación, co obxecto de regular a xestión da biomasa nos terreos de solo urbano e núcleo rural, no termo municipal do Concello de Salceda de Caselas por non estar definidos na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Visto que polo departamento de Urbanismo/Medio Ambiente procedeuse á redacción da nova ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0021 sobre o procedemento e a lexislación aplicable. Visto o informe favorable núm. 2025-0030 da Técnica de Medio Ambiente e ordenación do territorio, no que consta xustificación da omisión do trámite de consulta pública previa establecida no artigo 133.1 LPAC.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno acorda rexeitar a adopción do seguinte



ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais.

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de Alcaldía de aprobación inicial da Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais, esta queda **REXEITADA** por **CATRO VOTOS A FAVOR (4 MS), UNHA ABSTENCIÓN (1 BNG) E SEIS VOTOS EN CONTRA (6 PP)**.

Expediente 894/2025. Aprobación de proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en San Xurxo, núcleo de Outeiro”.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Troncoso Estévez: Neste terceiro punto da orde do día traemos un novo proxecto de saneamento nesta ocasión traemos o saneamento de San Xurxo no núcleo do Outeiro, o sexto proxecto de saneamento que traemos nestes dous anos de lexislatura. Parte de Outeiro xa ten o saneamento, é certo que quedaban unhas casas na contorna da estrada provincial EP-2501, vamos adiante con este proxecto que creo que podemos enganchar as casas todas, 12 casas. Traemos a aprobación polo órgano de contratación, que neste caso é o Pleno, por que é un proxecto de obra que non está previsto no orzamento municipal, por iso temos que traelo á aprobación do Pleno. É un proxecto encargado polo Consorcio de Augas do Louro para dar servizo a estas casas que faltaban no Outeiro, e que, en ocasións anteriores, non puideron ser enganchadas. O proxecto en si, como digo, está nas inmediacións da estrada provincial. Consta, neste caso, de tres ramais. Un máis ao sur, que recolle o cemiterio, cruza a estrada pola marxe dereita da estrada en dirección sur, un primeiro tramo de case 300 metros e que se mete por un camiño de servidume ata enganchar co colector que xa está vixente. Un segundo tramo de 125,5 metros que pasa pola estrada da Rabadeira e que recolle arredor de seis casas e un terceiro tramo de 91,8 metros, tamén na contorna da estrada principal por unha das súas cunetas. Isto vai dirección sur-norte, neste caso a pendente cambia e ao final do tramo cruza a estrada para enganchar no saneamento existente e engancha dúas casas.

No primeiro tramo engancharíanse catro casas, cunha lonxitude de 512,5 metros de colectores de diámetro de 315 mm, o que leva consigo 25 pozos de rexistro e, como dicía, 12 acometidas. Nesta obra tamén se contempla a reposición das vías. Na estrada provincial vai pola cuneta, non hai que repoñer asfalto senón a cuneta (que se fará unha cuneta de seguridade de formigón), e logo, na estrada da Rabadeira, o que se fará e recubrir con aglomerado o que vén sendo o suco que se faga no saneamento. O prazo de execución deste saneamento son tres meses. Hai afeccións sectoriais de patrimonio porque hai un cruceiro no cemiterio e,



obviamente, a actuación na contorna da estrada provincial e o orzamento base de licitación son 140.770,23 €. Neste caso, este é un proxecto que naceu, nun primeiro momento, en consenso. Tanto que se fala de que non atendemos a veciñanza, neste caso tivemos arredor de tres xuntanzas, desde finais de 2024 e principios de 2025 cos veciños, neste caso, afectados pola falta de saneamento. Estas 12 casas que poderán ter este servizo, ao que se lle dea redacción do proxecto. Estamos buscando xa como encontrar financiamento para este proxecto, temos algunhas vías e esperamos que produzan efecto e poidamos dicir que, en breve, teñamos a certeza de que poidamos levar a cabo este saneamento. Tamén dar a noraboa e as grazas ao departamento técnico, tanto a redactores do proxecto como ao departamento de Urbanismo, como ao de Intervención e Secretaría; que, moitas veces, para estes proxectos hai que traballar arreo e en tempos case récord para levar a cabo todo este traballo.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Sen dúbida unha moi boa noticia para os veciños de Outeiro, a miña parroquia San Xurxo, por fin despois de moitos anos reclamando este servizo estas doce familias van dar por rematados eses problemas que tiñan pola falta de saneamento, problemas que sobre todo en inverno, en temporada de choivas, se acentuaban polo desbordamento das súas fosas sépticas necesitado o seu baleirado en varias ocasións. E, si, neste caso podo falar por experiencia propia destes problemas e manifesto total empatía cara a eses veciños, que aínda a día de hoxe non dispoñen de tan vital servizo. Unha boa nova para San Xurxo, pero insuficiente. Insuficiente para aqueles veciños que aínda non poden optar a este servizo, sobre todo os veciños da Pedradauga. Para nós o saneamento é un deber básico e prioritario, un servizo que dentro das necesidades de investimento do Concello ocuparía o primeiro lugar e si se puido e si se pode facer moito máis en saneamento; pero para iso hai que facer políticas de sentido común e non políticas de *TikTok*. Poño como exemplo o diñeiro investido no bonito carreiro do *Rollo*, por que non se fixo algo máis austero, que a bo seguro tamén quedaría bonito, limpo e funcional e destinar parte do diñeiro a saneamento? Igual tiñamos para catro ou cinco casas máis. E que me din das marquesiñas *premium* que fixeron? Igual tiñamos para saneamento para outras catro ou cinco, mais facendo unhas marquesiñas que se axustasen máis á realidade na que vivimos. En total dez casas máis que estarían servidas. Volvo insistir, política de sentido común, onde o prioritario é o primeiro. Repito, unha moi boa noticia a que se trae hoxe neste punto da orde do día, pero insuficiente. O noso voto vai ser favorable.

Sr. Guerra García: O noso pleno apoio a calquera proxecto de saneamento, se é falado coas asociacións das parroquias moito mellor, seguro que teñen unha idea máis ampla do territorio, do que poden ter catro ou cinco veciños moitas veces, que sempre actuaran máis por interese propio que mirando o interese xeral. O noso pleno apoio a calquera proxecto de saneamento que chegue aquí.

Sr. Troncoso Estévez: En conto ás manifestacións do compañeiro do Partido Popular, sentido común na consecución de levar a cabo proxectos de saneamento, creo que outras cousas non, pero en saneamento vou facer un breve resumo: conseguíuse financiamento de todas as administracións habidas e por haber, conseguimos financiamento da Deputación, da Xunta, da Confederación, todos de diferente color a este partido. Quere dicir que nós non vamos con ningunha sigla, vamos ás administracións, levamos propostas, levamos proxectos, levamos xestión, levamos traballo. 9 proxectos de saneamento que están feitos ou están por facer. Xa realizados: Ataúde-Arrotea na Picoña; A Presa en Parderrubias, urbanización de Rubindo, un



pequeno tramo na Formiga, vamos comezar en breve, xa o dicía a alcaldesa, na semana do 14, o saneamento do CRA na Picoña, estamos finalizando a licitación do saneamento da parroquia de Entenza (875.000 € de saneamento nesta parroquia). En 2025-2026 levaranse a cabo a redacción e comezos da obra do saneamento da parroquia de Soutelo, tamén o tramo do Cerquido e na Noveleira; ademais conseguimos con fondos europeos, a través do Consorcio do Louro, case 227.000 € para redacción de proxectos. Estamos falando de que conseguimos un financiamento de arredor de tres millóns de euros, en saneamento, en soamente dous anos. Creo que, en saneamento, xestión e sentido común creo que abunda.

Sra. Alcaldesa: Iván, dicir que esta non é a lexislatura do saneamento cando en dous anos se levan investido 3.000.000 €, quero pensar que é por descoñecemento, espero que despois das cifras de Marcos agora o teñas claro, que o primeiro lugar para esta lexislatura e para este goberno é o saneamento. Ademais, penso que tamén falas con certo descoñecemento, discúlpame, es novo neste senso, sobre o carreiro do *Rollo* é un discurso que xa traes atrasado dos teus compañeiros. Cuestionar a recuperación patrimonial dese espazo, que aínda por riba levou consigo a recuperación das pluviais que asolagaban o centro, que tantas veces criticastes, igual non o lembrás, recórdocho eu, criticar que esa obra serviu para darlle saneamento non só a aquelas parcelas senón a dúas vivendas existentes tamén. Penso que é descoñecemento do proxecto, un proxecto ademais elaborado con todo o mimo por empresas da zona, de Salceda, que obtivo o recoñecemento do “Gran de area”, que está seleccionada para os premios COAG. Cuestionar esta obra, vasmе perdoar, vou pensar que é por descoñecemento. E dicir que esta non é a lexislatura do saneamento despois de investir 3.000.000 €...

Por certo, unha boa nova máis, esta mañá houbo un Consorcio do Louro, aprobouse o remanente, Salceda vai dispor de 145.000 € precisamente para executar ese proxecto que acabamos de aprobar agora mesmo, que é de 146.000 € para o barrio de Outeiro. Temos moitos defectos e moitos erros, pero dicir que esta non vai ser a lexislatura do saneamento, que este goberno non ten na súa lista como primeira prioridade o saneamento é un erro.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Ponte no caso dun veciño que sae do Froiz, por exemplo, que non pode poñer un lavadora porque lle desborda a fosa séptica en pleno inverno, que non pode ducharse porque lle desborda a fosa séptica e que mira ese camiño que se fixo, si moi bonito, pero a onde vou co sentido común é a iso, ao de non gastar a cifra de diñeiro que se gastou e destinar parte a saneamento. Podíase ter feito unha obra limpa, funcional, recatada e destinar parte dese diñeiro a saneamento, porque ti ponte na pel dun veciño, e falo por experiencia propia, que houbo máis dunha noite de montarme cada lío no garaxe da casa.... E, coma min, sei de varios veciños aos que lles pasaba exactamente o mesmo. Quero que me digas se para ti para iso é prioritario, como valoras iso? Porque, si, o camiño moi bonito, perfecto,.... Ponte na pel dese veciño que mira iso.

Sra. Alcaldesa: Eu creo que quen no se puxo na pel dos veciños foi o Partido Popular no caso de Entenza, que os 875.000 € quería destinalos á ampliación do pavillón, cando este goberno dixo que a prioridade ía ser Entenza. Aí esqueceuvos pórvos na pel do veciño. En todo caso, este goberno vai seguir traballando para obter o cen por cen do saneamento en Salceda, non o dubides Iván.

Dou paso á lectura da proposta de acordo seguinte:



“Visto o proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en San Xurxo, núcleo de Outeiro” redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro, asinado en data 27.03.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 140.770,23 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.431,20 € e o presuposto sen IVE a 116.339,03 €.

Visto o informe técnico núm. 2025-0162 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística e núm. 2025-0163 sobre afeccións sectoriais.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0022 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cómpren os requisitos que son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación coa Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno a adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en San Xurxo, núcleo de Outeiro” redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro, asinado en data de 27.03.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 140.770,23 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.431,20 € e o presuposto sen IVE a 116.339,03 €.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o *reformulo* do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en San Xurxo, núcleo de Outeiro” redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro, asinado en data de 27.03.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 140.770,23 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.431,20 € e o presuposto sen IVE a 116.339,03 €.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o *reformulo* do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.



Expediente 1646/2025. Fixación de festivos locais para o ano 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Esta alcaldesa propón a adopción do seguinte acordo ao Pleno:

“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto o requirimento efectuado polo Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibido en data de 20.06.2025 (Rex. núm. 2025-E-RC-3657) para que se proceda a realizar a proposta de festas locais do Concello para o ano 2026 e se remita antes do 15 de setembro de 2025.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

O Pleno, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte **ACORDO**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2026:

- 17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido)
- 20 de xullo de 2026 (luns do Cristo)
-

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra, sede Vigo).”

Sr. Rodríguez Davila: O certo e verdade, é que cando un ten catro votos na Corporación e se proclama campión de todo está lonxe da realidade. O certo e verdade é que neste pleno a maioría son sete, e cando un non ten sete votos as cousas non saen e cando os ten saen ou senón saen por unanimidade cando as cousas son positivas... Como vai ser no punto que nos toca a tratar agora mesmo, que son os festivos locais, que dou por feito que todos vamos a estar de acordo e vamos a votar unanimemente. Coma no punto anterior, onde unha boa obra de saneamento ningún bo veciño que se considere non pode máis que apoiálo, independentemente de que na tramitación un poida expoñer os motivos de mellora, neste caso de saneamento ou doutra índole.... Polo tanto, todo iso, que a *bombo e platillo* se nos



anunciou hai un momento foi grazas aos votos doutros grupos senón vostedes non poderían aprobar e facer nada, con catro votos non aproban vostedes nin para pagar a luz.

Dito isto, como todos os anos me toca intervir neste punto onde aprobamos os festivos locais, desexar que teñamos un mellor Entroido, mellor se cabe que os que levamos tido nos últimos anos, que xa é dicir. E, polo tanto, o noso recoñecemento e apoio a todos e cantos participan dun xeito ou doutro nos diferentes colectivos de Entroido, nas comisións, organizar toda esa rede, tanto de festas como das propias carrozas, comparsas etc., e tamén, por suposto, que teñamos un bo verán respecto ao Cristo, que en breves vamos a celebrar este ano 25, e polo tanto o noso voto vai ser favorable como dixen, esperando e desexando que todos os que estamos aquí poidamos estar e recordando aos que, por desgraza nos van deixar de aquí a esas datas do ano 26. Dito isto, o voto favorable do grupo maioritario da Corporación.

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2026:

- 17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido)
- 20 de xullo de 2026 (luns do Cristo)

2.- Comunicarlle a proposta ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra, sede de Vigo).

Expediente 938/2025. Aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2025	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos neste punto a aprobación inicial do Orzamento para o ano 2025, un expediente moi extenso como puidestes comprobar neste días, un expediente que levou moito traballo realizar. Agradecer o traballo elaborado polo departamento de Intervención e, sobre todo, pola interventora habilitada, un expediente que levou moitas horas, moitas negociacións e moitas reunións e así foi, así o poderá testemuñar o compañeiro do grupo mixto, Salustiano. Outra cousa é que cada un interprete chegar a bo porto unha cousa ou outra. Ás veces hai portos que están moi afastados e, por moito que remes, nunca vas chegar a ese porto. Evidentemente, ás veces hai que ceder por ambas as dúas partes.

Un orzamento actual, elaborado, real, con datos reais e un orzamento realista, ademais. O maior orzamento. Son 7.500.000 €. Iso está en todos os informes. É un orzamento, sobre todo, centrado nun eido moi importante, penso que para os trece que formamos esta Corporación, que é o eido social. Un orzamento que aumenta un 30 % a contía das partidas do eido social e non só na atención ao fogar, que tamén, que chega a un aumento de 500.000 € a 734.000 €, un 27% máis, senón coa creación de novos servizos como: Aula 21, campamentos gratuítos que os nenos e nenas están desfrutando agora neste verán, colaboración con proxectos



pioneiros como a Aula Sénior da Revolta ou o servizo de atención psicolóxica. Un orzamento que, tamén, á parte de subir no social, sobe tamén en moitas partidas. Como se pode comprobar, unha das partidas que máis sobe é a partida de gasto de persoal, capítulo 1, na que se inclúen todos os salarios deste Concello e onde van todas estas partidas de funcionarios públicos, persoal laboral e tamén órganos de goberno. Un capítulo 1 que pasa de 1.900.000 € a 2.500.000 €, outro aumento do 30 % e que, ademais, esta subida vén en gran parte, evidentemente, polas subidas anuais que os e as empregadas públicas teñen; pero, máis ben, pola incorporación de novos postos de traballo a este Concello: o posto da técnica de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, un posto de nova creación, ou tamén a vindeira oferta pública de emprego, que xa está comezado ese expediente e que se dotará a este Concello de distintas prazas vacantes entre elas a de técnico/técnica de Administración xeral ou a Conserxaría do pavillón municipal, 2.500.000 € en gasto de persoal, que ao final o obxectivo é o de sempre, é o obxectivo que teñen que ter os orzamentos, mellorar o servizo e a calidade de vida da veciñanza. Outro dos grandes capítulos, que é sobre todo no que a oposición máis se fixa, é o capítulo de investimentos, xa así o pon o capítulo. Inversións reais de máis de 1.500.000 €, 1.569.474,52 €, e aquí únome ao que dixeron o meu compañeiro Marcos e a alcaldesa, Loli, creo que neste anexo de investimentos queda clara cal é a prioridade número un do Concello.

Ás veces poderedes argumentar que as palabras as leva o vento, dos 1.569.000 €, 875.000 € son para o saneamento de Entenza só con este proxecto é a metade de todos os investimentos, polo tanto poderedes seguir dicindo que non é así, que hai casas que se asolagan ou pozos negros ou a fosa séptica, ao final o obxectivo e a prioridade número un deste Concello vese nos orzamentos. Ademais Joaquín adoita dicirme moitas veces que o Orzamento é o documento máis importante do goberno e que tiña que estar aprobado o 1 de xaneiro do presente ano. Non chegamos, pero cando o traemos, traemos uns orzamentos realistas, uns orzamentos para Salceda, onde as prioridades quedan ben claras: o social e o saneamento, e cunha listaxe de inversións importantes. Moitas, tamén, cobren demandas que fai o Partido Popular, curiosamente.

Entre os capítulos de investimentos podemos ver a terceira fase da reforma da praza de abastos, unha praza de abastos onde hoxe tivemos o gusto de asistir antes deste pleno a un novo negocio que abre nesa praza de abastos, unha praza de abastos que realmente é envexa de moitos concellos que fan inversións multimillonarias en prazas de abastos. A nosa praza de abastos ten vida e con esta terceira fase de reforma queremos dotala aínda de máis vida e máis comodidade, tanto para as persoas que van alí a comprar como os praceiros e praceiras. O cambio de céspede no Penedo Redondo, 241.000 €, leva 14 anos o céspede sen cambiar e recomentan facelo cada 10 anos. Un céspede que se coidou moito, por iso aguantou estes anos; pero temos que cambialo, tanto por necesidade e incluso por seguridade e saúde. Adquisición do solar na Devesa, dotar de patrimonio ao Concello, adquirir un solar para o uso e disfrute da veciñanza; ou a mellora da pavimentación da contorna do IES Pedras Rubias, algo que o Partido Popular demandou en distintas ocasións, ao que se van a ir 58.600 €. Non nos quedamos aí senón que hai outras partidas e outros investimentos reais como, por exemplo, a reforma do parque Raiña Aragonta, con máis de 52.000 € ou a redacción de proxectos xa pensando no futuro de distintos lugares, como pode ser a reforma do edificio da antiga cámara agraria ou o proxecto para a nova rúa que se abrirá entre a praza do Concello e a rúa Brasil. Proxectos pioneiros e proxectos dos que estamos moi orgullosos como é o proxecto Estela,



Salceda xa é un Concello cardioprotexido; pero queremos ampliar isto ás parroquias. Para iso tamén introducimos no orzamento unha partida para que todo o Concello e as nosas sete parroquias sexan parroquias cardioprotexidas. E se nos centramos nos colectivos, para nós os colectivos tamén son importantes e, os últimos orzamentos son do ano 2022, e hai modificacións e, en tres anos, a vida e as dinámicas van mudando, por iso cremos conveniente a redistribución das subvencións nominativas e así cremos que hai clubs como o Club Baloncesto Caselas, o Club Balonmán Caselas, o Club de Bádminton, que pola cantidade de fichas que teñen e por ese gran traballo que fan a prol do deporte base, merecían un incremento nas súas nominativas. Ao igual que os colectivos, dos que en Salceda non podemos estar máis que orgullosos e orgullosas, como son dos nosos entroidos do Castro Barreiro e da Feira, que con estes orzamentos terán 1.000 € máis ao ano, que pasan de 1.600 € a 2.600 € e a achega que o Concello fai.

Calquera achega será benvida e coa aprobación inicial deste orzamento irá a exposición pública para que calquera grupo ou calquera persoa implicada poida facer as súas alegacións, e agradecervos tamén nas comisións as achegas que fixestes nas comisións, as únicas achegas que houbo nas comisións foron feitas polo concelleiro Tano, do grupo mixto. A única que lle preocupou do orzamento era que no cadro de persoal no salario do grupo do goberno había un incremento 0,5 % respecto do ano pasado, penso que a única preocupación que Salustiano tiña na comisión era que se nos ía subir o salario un 0,5 %, non o puiden consultar coa Interventora porque nestes días non está, pois está desfrutando dunhas merecidas vacacións; pero hai un proceso de alegacións e se é un erro traerese corrixido e non hai máis problema. Agradecer de novo o traballo feito polo departamento de Intervención.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos ante un documento que é o eixe vertebral da xestión económica do Concello e, polo que se ve, tanto a alcaldesa como o grupo de goberno non o ve así. Un documento que vén a Pleno oito meses máis tarde do que debería vir. Este documento tiña que estar aquí en outubro do 24 e estamos no mes de xullo do 25. Nós xa pensabamos que íamos falar do orzamento do 26, pero non, é do 25. A nosa posición xa está clara, xa o sabe todo o mundo que neste caso vamos votar en contra e os argumentos son os seguintes, por coller un par de exemplos porque hai moitos. Na área de Educación vostedes orzamentaron no ano 22, que é o último orzamento, 255.000 €, orzamentan este ano 245.000 €, ou sexa, 10.000 € a menos; pero vamos á liquidación do ano 24, resulta que nesta área no ano 24 pagáronse 386.000 €, e aínda hai pendente de pagar 92.400 €, un total de 478.000 € farían falta para esa área, o dobre do que vostedes orzamentan, ou sexa, de realistas pouco.

Chámanos a atención a partida de limpeza e aseo, levan vostedes no orzamento un total de 540.000 €, na liquidación do 24 pagáronse 116.500 € e hai pendente de pagar 259.000 €, ou sexa, un total de 375.000 €, habería un exceso de 164.000 €, non sei se é un erro noso ou se realmente vamos a ter as rúas coma o cristal. Publicidade e propaganda, chamounos a atención que contemplaran inicialmente 70.000 €, pensamos que baixaran respecto doutros anos, pero non, porque vamos á liquidación e pagaron vostedes entre publicidade, propaganda e gastos protocolarios no ano 24: 76.892 € e aínda hai pendente de pagar 31.415 €, un total de 108.000 €, que foi o que vostedes gastaron, e aínda deixaron sen pagar do ano 24. Por iso nos lanza un caramelo de 70.000 €, así o Partido Popular queda contento. Pois non, porque estas facturas quedarán sen pagar como quedaron as do ano 2024. Xurídicos contenciosos, no orzamento deste ano contemplan vostedes 16.600 €, pagaron o ano pasado

nesta partida 17.500 € e aínda hai pendente de pagar 12.980 €, total 30.480 €; orzamentan vostedes 16.000 €, a metade. Despois quedaran sen pagar, ademais o señor Alejandro non dixo nada, que xa falaremos despois, das sentenzas.

No Anexo de persoal, hai unha relación de postos de traballo aprobada en xullo do 21, hai exactamente catro anos, que aprobaron vostedes xuntamente co Partido Socialista. Temos 14 prazas vacantes, desas 14 ata o de agora non se convocou ningunha; unha si, adxudicada a dedo, e non estamos en contra da persoa que se lle adxudicou a dedo, ten dereito a traballar coma outra calquera, pero hai que darlle participación a toda a veciñanza para que poidan optar a esa praza e non adxudicar a dedo un proceso que en cinco ou seis meses podería estar listo. Iso é a defensa que teñen vostedes do público que tanto alardean, nunca houbo un nivel de privatización tan alto neste Concello como de agora. Nunca. Decía antes, Concelleiro de área, “incremento de persoal”, claro, vostede non dixo nada das indemnizacións que hai que pagarlle ao persoal polas sentenzas xudiciais gañadas polo persoal, pola sen razón de vostede e da señora Alcadesa, de non negociar cos representantes sindicais, aí está o incremento de gasto de persoal. Xa nos gustaría que nos dixese canto se pagou este ano por indemnizacións polas sentenzas e canto queda por pagar neste mesmo ano.

Respecto ao Anexo de subvencións, non se incrementou porque o montante total é o mesmo, 126.700 €, o que fixeron vostedes foi mobilizar 5.000 €, quitáronlle 5.000 € a dúas entidades e incrementáronllo a outras. Deses 5.000 €, 3.000 € quítanllos ao Caselas, ou sexa, ascenden e vostedes castíganos, todo o mundo sabe que cando se ascende de categoría os gastos son maiores. Ás escolas deportivas minóranlles vostedes 2.000 €, as escolas deportivas é a entidade que temos neste Concello que mobiliza máis xente, entre aproximadamente 400 persoas, a maioría delas nenos e vostedes minóranlle 2.000 €. Imaxino que despois xa nos motivará o porqué deste descenso nestas dúas entidades. Falaba vostede dos carnavais, que lles van a incrementar 1.000 € aos carnavais da Feira e o Barreiro, é curto xa lle digo que é curto, pero ata o ano 2009 tiñan unha asignación de 2.200 €, a partir do 2010 pasaron a 1.600 €, nestes 15 anos se se mantivese esa mesma asignación de 2.200 agora tería cada unha 9.000 €, e agora a *bombo e platillo* que lle dan 1.000 €. Pero se lle quitaron 9.000 € en 15 anos... Despois botamos en falta, como vén sendo reiterado, que a Asociación de Comerciantes, que hai dúas en Salceda, a unha si se lle dá asignación, pero á outra, que é a Asociación de Comerciantes da Taberna Nova, non se lle dá asignación ningunha. Levamos pedindo reiteradamente que se contemple a súa asignación correspondente. Anexo de investimentos, é curioso, 1.564.000 € como decía o concelleiro, dos cales o Concello aporta 141.000 €, un 9 %. Digo porque a señora Alcadesa, na súa memoria que firma, di o seguinte: “neste capítulo consígnanse unha serie de previsións para investimentos segundo se describe no anexo de investimentos do orzamento co denominador común de tratarse de investimentos financiados maioritariamente con fondos propios”. Pero se é un 9 %, maioritariamente sería o 91 %. A maioría, un 91 % dalgúns obras que dixo antes o concelleiro son financiación doutras administracións, chámese Deputación de Pontevedra, chámese Xunta de Galicia e creo que hai algunha do Goberno central, pero que vostede diga que maioritariamente se financian con fondos propios e é un 9 %, isto é algo novo.

Non se contempla ningunha previsión bianual nin trianual, nada se fala do Plan xeral, nada se fala da circunvalación para dar servizo ao barrio da Feira, ao Barreiro e á parroquia da Picoña,



nada se fala do acceso ao CRA da Raiña Aragonta, nada se fala da creación do solo industrial, nada se fala do novo pavillón. Si, algunhas inversións hai, no que é a parte da financiación do Concello para pagar facturas de inversión que deixaron sen pagar do ano 2024, esa é a planificación que vostedes teñen, o que dicíamos, sempre traballamos a base de ocorrencias. Está o da débeda, no ano 2022 amortizáronse en capital e mais en intereses 102.000 €, este ano 2025 vamos amortizar, máis intereses, 126.800 €, un incremento na débeda dun 25 % aproximadamente; pero é que no ano 28 vamos pasar a 475.000 € ao ano, un incremento dun 375 % con respecto a este ano. Pois diso, na súa memoria non se fala nada, non hai ningunha previsión a este respecto. Venres, 24 de xaneiro: “Movemento Salceda presentará nuevo presupuesto tras mejorar la relación con el PSOE. ‘Aunque los inicios fueron complejos ahora tenemos más estabilidad’, reconoce el Gobierno de Salceda que necesitará el apoyo de Partido Socialista para aprobar las cuentas”. Señor Salustiano, con vostede non contan para nada. Cinco días máis tarde: “El PSOE de Salceda niega que las relaciones con el Gobierno local sean mejores ahora, los socialistas se muestran hostiles ante el balance de año y medio de gestión de Movemento Salceda y añade: `su acción de gobierno está llena de ocurrencias`, dice el Partido Socialista”. Remata esta última, onte: “Movemento Salceda lleva a pleno el presupuesto más alto de Salceda 7,5. El equipo de gobierno negoció las cuentas con el PSOE y el BNG, la subida también se refiere en el apoyo a los colectivos sociales como al aumento de subvenciones nominativas a los entroidos de A Feira, Castro Barreiro, Club Baloncesto Caselas, Club Balonmano Caselas y por primera vez el Club Bádminton Caselas, que recibirá 1000 €”. Parécenos perfecto, pero agora, á conta de minorarlle ao Caselas 3.000 € a ás escolas deportivas 2.000 €. Para isto con nós non conte.

Sr. Guerra García: Vou comezar por esa afirmación de negociacións. Efectivamente houbo contactos, agora o que se chama negociación, penso eu que temos o mesmo criterio de diferenza que cando se trata do tecido asociativo, máis ou menos, porque desde primeiros de maio que recibín o último papeliño e con algunha suxestión de aceptación dalgunha cousa, non se volveu saber do asunto. Quero dicir, a negociación é cando hai interese en negociar e un non se levanta se fai falta ata chegar a un acordo, iso é unha negociación. O resto son teatro, componendas ou farándula. Pero vou dicir as nosas propostas para que se saiba o que puxemos enriba da mesa. E era ir a unha corrección de inxustiza fiscal, porque neste Concello seguimos cun grave problema, un problema de que pisos de 80 m na rúa Victoriano Pérez Vidal pagan 50 € de contribución, que o paga calquera casa que non teña tellado en calquera parroquia, por non falar das prazas de garaxe que non están pagando contribución porque se quedaron por baixo dos 7 €. Por iso nós propomos, e seguimento propondo, e está no documento de investidura asinado pola señora Castiñeira, propomos un novo relatorio de valores que substitúa ao do ano 1987, vamos camiño de 40 anos.

Propuxemos igualar Cultura a Deporte, porque se o deporte é importante, a Cultura axuda a facer persoas críticas, a non ser que a este Goberno iso non lle preocupe, a nós si que nos preocupa. Falamos dunha limitación de cartos en protocolo e propaganda, aínda sabendo que logo podían ir por outras portas a abrir a billa, porque ao fin e ao cabo é unha necesidade deste goberno. E falamos, como non, das prazas vacantes e se nos ofreceu o que agora se trae, unha técnica de Administración xeral e a praza de conserxería do pavillón de deportes, pero é que nós queremos falar do resto. Queremos falar, sobre todo, de certas áreas que, ao non haber persoal no Concello, este Goberno local ten estendida unha rede de provedores de tipo clientelar que nós sempre combateremos, porque este Concello non ten persoal para



desenvolver determinadas funcións mínimas de servizos á cidadanía, aos nosos veciños e ás nosas veciñas, e disto este Goberno non quere falar.

Penso que a traer, vostedes traen hoxe aquí esta proposta, renunciaron a varias cousas. Primeiro renuncian a unha maioría que arroupe a actuación do goberno. Vostedes renuncian á corrección das inxustizas fiscais que están aí para ver. Vostedes renuncian a unha política de esquerdas de verdade, que coloque esta Administración ao servizo dos veciños e das veciñas e non ao servizo da propaganda do actual goberno; que este Concello sexa unha ferramenta transparente no gasto e na xestión é algo que a nós nos preocupa e que, de momento, non podemos dicir que exista. Vostedes sacaron notas de prensa e nos falan dunha serie de investimentos, antes escoitaba ao señor Troncoso falar de 3.000.000 € en saneamento. Eu creo que deben ser máis, porque o proxecto do saneamento de Entenza xa nolo venderon seis veces, pero é que o proxecto do saneamento de Entenza ao igual que outros non é deste Goberno local, é desta Corporación que o aprobou e este Goberno local non me veñan agora con que este é o mandato do saneamento, porque vostede señora Castiñeira, antes de entrar como alcaldesa, levaba 12 anos aquí en responsabilidades do Goberno. Agora, casualmente, é o mandato do saneamento; pero é que algúns, entre os que nos incluímos os do BNG, fomos capaces de facer ver á cidadanía que o tema do saneamento é un tema serio, polo que debemos preocuparnos e a nós nos alegra que este Goberno collera esa bandeira, pero non se arrogue o que ata agora, en 12 anos, os anteriores, a vostedes preocupoulles ben pouco esta situación. Efectivamente véndennos o saneamento de Salceda, ou doutro, cada vez que hai unha nota de prensa, para iso o señor que xestiona algún medio de comunicación está ben servido economicamente de parte deste Concello, pon todo o que a vostedes lles interesa vender á cidadanía. Pero, sabe un primeiro problema? Que vostede non vai estar aí indefinidamente, ao igual que eu e os demais que estamos aquí, estamos de paso. E quen veña, cando se atope este Concello despezado en canto posibilidade de dar servizos básicos aos veciños e ás veciñas, as amizades que vostedes teñen por aí, non se preocupen, que mudaran de bando. Non crea que ten moitos amigos por aí, iso sempre aconteceu, a nós preocúpanos en que situación está este Concello e queremos e vamos batallar para que isto mude. Esa é a nosa proposta, porque para iso nos definimos e tentamos facer política de esquerda, non só palabras.

Alégrome de ver os servizos sociais aquí. É un recoñecemento. Pero, ao mesmo tempo que é un recoñecemento, dígolles a vostedes unha cousa: gustárame que este goberno tivese unha voz crítica coas administracións que non dan aquí os servizos sociais, que logo este Concello bota para adiante a andar, falamos da Consellería de Política Social, da Consellería de Educación, falamos da Consellería de Sanidade, do SERGAS... Este Concello está dando servizos que, cada vez que falamos de reducir o gasto, vostedes efectivamente poñen diante a cantidade de servizos que se fan; pero vostedes nunca teñen unha posición crítica como goberno cara a outras administracións que deben responsabilizarse deste gasto. Será, ao final, porque lles vai a marcha, é dicir, somos así de guapos e metémonos nos gastos que lle corresponden a outras administracións.

Non entendo a falta de crítica e cubrir gastos que corresponden a outras administracións como todos sabemos; e vostedes fan referencia ao aumento do SAF, efectivamente, o SAF aumenta o seu prezo, pero é que os dous ou tres últimos anos este goberno local estivo pagando por debaixo do prezo que correspondía ao SAF, e houbo unha situación esperpéntica, onde o



persoal que presta o servizo tiña os salarios sen actualizar precisamente porque o Concello non tiñan actualizado os valores. Polo que sexa, non vou entrar agora no proceso, en como se deu. Vostedes falan da compra do solar da Devesa, a min gustaríame que vostedes negociasen iso co resto dos grupos. Sabe por que? Porque non vaia ser que mañá se compre ese solar, pasado vostede saía da Alcaldía e quen veña venda ese solar. Pode ser, por que non? Entón cando se trata de adquirir patrimonio dese tipo, non sería normal contar con todos os grupos en canto a un debate, sexa nesta sala de plenos ou sexa na sala de portavocías, sobre o uso que se lle quere dar a esa parcela e se todos estamos ou non de acordo? Para evitar que mañá iso acabe como unha mala operación? Estamos falando do orzamento e resulta que este goberno local está incumprindo o mandato sobre as contas do ano 2024, que deberan ser trasladadas á Comisión de contas antes do 1 de xuño, non sei a que se debe. Sabendo ademais a situación neste momento deste Pleno.

Non sei a que vén que vostedes traian aquí hoxe este orzamento sen apoio de ningún tipo. En todo caso, lamento que o actual goberno collera unha fuxida para adiante porque fuxir para adiante significa non afrontar os problemas e este Concello ten bastantes problemas que non se poden tapar por moitos vídeos que vostedes suban a *TikTok*.

Sr. Rodríguez Canosa: Comezando co grupo mixto, o que fala vostede das negociacións, Salustiano, é moi bonito sentarse nunha mesa a negociar e dicir: “non nos vamos levantar desa mesa ata conseguir negociar”; pero claro, o BNG non cedeu ningún milímetro, vostedes interpretan negociar como impor. Penso que negociar é unha cousa, hai que ceder por ambas as dúas partes. É máis, no tema das nominativas, foi unha cesión que fixo este goberno no medio destas negociacións, pero é que vostedes non cederon nin un céntimo, eu non entendo iso por negociación, iso enténdoo por imposición.

Fala vostede do relatorio de valores, nós xa empezamos a falar coa empresa adjudicataria de Catastro, que é a encargada de facer estas cousas; pero lémbrolle que cambiar os datos dos valores é subir impostos, e moito. Todos os que teñan veciños ou familia en Salvaterra saberán o incremento que sufriu Salvaterra nos últimos anos ao actualizar o relatorio de valores. Ao final para os dous grupos, protocolo e propaganda, creo que todos estamos cansos de ver outros concellos do BNG que tamén suben vídeos a *TikTok* e que gastan bastante máis en protocolo e propaganda que o Concello de Salceda. Dos concellos do PP xa non vou a falar, porque igual os Concellos do PP non gastan tanto porque, claro, xa está detrás mamá Xunta ou mamá Deputación gastando en protocolo para que se luzan os concellos do PP, incluso onde non gobernan, incluso hai administracións que organizan actos onde non goberna o PP para darlle protagonismo ao PP. Si que teñen que estar desesperados para chegar a ese extremo. Unha mágoa que a veciñanza non picara e lle colara esa imitación de actividade.

En canto a renovar as prazas, supoño que vostede saberá que existen unhas taxas de reposición, que non se poden crear todas as prazas que a nós nos dea a gana. Pasa en todas as administracións: Administración xeral do Estado, Administración autonómica e pasa tamén na Administración local. E xa, no da rede clientelar, as denuncias en fiscalía, que é onde hai que facelas. Non pode vir a este Pleno a vomitar insultos, a vomitar cousas en contra deste goberno sen ningún tipo de respecto, por aí si que non vou entrar, porque ao final é o de sempre, as únicas políticas de esquerdas son a do BNG, as do BNG bo supoño, que é a que adoita estar no oposición, porque despois cando gobernades, permíteme que che diga, pero



tamén tedes servizos privatizados, tamén tedes *TikTok*, tamén tedes o resto de cousas que ti curiosamente críticas. Falas de falla de transparencia, ti mesmo hai uns plenos, ti mesmo, gabaches a transparencia deste goberno, que che entregabamos toda a documentación da que falabas. Hoxe, en cambio, como queres estar en contra, pois dis que non, que é falta de transparencia. E, evidentemente, o tema da parcela, entendo que as palabras “goberno” e “gobernar” están relacionadas, entendo que o goberno goberna e pode elixir un pouco en que gobernar, só faltaría que todo tivese que ser consensuado con todos os grupos, un pouquiño de liberdade creo que podemos ter. Máis cando, neste caso, nesa parcela, non son fondos propios deste Concello; e tamén, que digas que non somos críticos con outras administracións, non sei cantas mocións se defenderon neste pleno e este grupo defendeu en contra da Xunta, en contra do Goberno central, en contra da Deputación. Cando fan as cousas ben dicímolo e cando as fan mal tamén o dicimos. E respecto ao SAF, o Concello tiñan un contrato en vigor, nunca se lle pagou de menos; outra cousa é o que pasara coa empresa. E co SAF chegouse a un acordo coa empresa e chegouse a un acordo coas traballadoras, non mirei ningunha manifestación en Salceda en contra deste goberno, en concellos do BNG si que o vin, supoño que hai BNG bo e BNG malo. O BNG bo é o da oposición, ao final estar na oposición é moi doado, só é criticar; pero estar no goberno, hai que enfrontarse a moitas realidades.

En canto ao PP, creo que adiviñei ao 80 % do seu discurso, o de sempre, que hai partidas que están descadradas, cando vostedes saben que neste orzamento xa están incluídas partidas do REC. O da privatización xa é un clásico de todos os grupos da oposición, non vamos a insistir e despois vén aquí cos deberes feitos a golpe de Pleno. E eu repítoles a todos os grupos: para algo están as comisións informativas, as comisións informativas son para esas cousas. Agora pídeme que me poña entrar no Excel e me poña a sumar. Se mo dixesen na Comisión informativa, se fixeran os deberes, que por certo cobran un diñeiro por asistir a esa Comisión informativa, se fixeran os deberes e chegan a esa Comisión informativa e alí me preguntan canto é o gasto... eu diríallo, non teño problema en dicírllo. Agora, evidentemente non me obrigue a, neste pleno, ter que buscalo, porque vostede cando foi á Comisión nin sequera mirou o expediente porque dixo que as nominativas non cambian, son como sempre e si que cambiaron, igual se decatou pola nota de prensa e non porque o revisou. Pídolle un pouco de seriedade, preparen as comisións para que nós poidamos buscar as cousas e trasladarllas neste Pleno, porque ao final dá a sensación de que o PP só vai ás Comisións por cobrar. Espero que non sexa así. É curioso que falan das EDM, 14 persoas, a un dos clubs que se lle sobe é ao Club Baloncesto. Ten 140 fichas e seguen cobrando a cuarta parte que as EDM. Ou lembro a campaña electoral cando o PP prometía para os entroidos da Feira e do Barreiro 2.000 € de subvención e agora resulta que os 2.600 € que propoñemos nós os critican e non valen para nada. Esta é a dobre vara de medir do PP, se subimos está mal porque vostedes subirían máis, pero en cambio vostedes antes prometeron subir menos. Do PXOM e do Cerquido non vou falar porque vostedes fostes os que votastes en contra de que creáramos un novo PXOM e de que se creara solo industrial e a débeda é a que se aprobou neste Pleno. Inversións, o 91 % son fondos doutras administracións, isto ten un nome ao que vostedes parece que non están acostumbrados, porque, porque adoitan traballar si que cunha rede clientelar, pero de administracións, que é “xestión”. Xestión deste goberno para que neste anexo do orzamento figuren un millón e medio de inversión, e que vostede diga 1.400.000 € sexan doutras administracións, iso so ten un nome: xestión.



Sr. Núñez Troncoso: Díxonos todo menos o que lle preguntabamos antes. As indemnizacións, preguntamos antes de canto eran as indemnizacións polas sentenzas que gañaron os traballadores que se pagaron neste ano 25 e que están pendentes de pagar este ano 25, diso non se nos dixo nada. Nas comisións non hai nada que preguntar, está no expediente, todos os números, non sei se vostede revisou os datos que trouxo a este Pleno, os números están no expediente, que quere que lle pregunte na Comisión? O que hai é que ver o expediente e traballalo, non é vir aquí e soltar, que dicimos cousas que non están no expediente. Non hai nada que preguntar. Están aquí, como cando a alcaldesa di que “...o investimento, maioritariamente de fondos propios”, iso é función súa, repasar a documentación, vostede é a alcaldesa que non sabe o que firma, só se o firmou adrede por se colaba e logo vendelo nas redes sociais. O do PXOM, pero quen lle rexeitou o PXOM? De quen era o PXOM? Vostede aínda non estaba aquí. Pregúntelle a Sra. Alcaldesa de quen era o PXOM, se era de Movemento Salceda ou de toda a Corporación. Pregúntelle á señora Alcaldesa. Estivestes gobernando dous anos co PSOE, que votou en contra. Tivestes tempo de sobra para preguntarlle por que votaron en contra do PXOM.

Sr. Guerra García: Nós na Comisión, señor Rodríguez Canosa, levamos algo máis que os seus salarios. Os seus salarios, fixemos unha anotación de que estaba incorrecto. Nada máis que iso, tiña que ser a súa obriga ver o expediente e ver que iso estaba incorrecto, ao igual que o vimos os demais. Falei do relatorio de valores, tamén, e indubidablemente a resposta da señora Alcaldesa foi se queriamos subir impostos. Aquí as únicas subidas de impostos que viñeron a este Pleno desde que nós estamos aquí, desde o 2023, foron, por dúas veces, a tentativa de subir o 25 %, que trouxo este equipo de goberno, a contribución, un relatorio de valores, á parte de poñer xustiza nos valores catastrais, ten dez anos para acomodar a situación de posibles derivacións, de subidas, 10 anos. Entón non me veña con contos, porque vostedes sempre preferirán a liña directa, non meterse en ningún asunto. Necesito máis cartos e cando poida traerei outra vez a subida do 0,4 ao 0,5, un 25 %, así foi o que ten acontecido coa proposta de subida de impostos por parte súa. Mire, á parte de que, efectivamente, as súas notas de prensa son para os Hooligans, porque calquera que repase o tema..., o gasto de persoal do que vostedes falan e din que aumentan o cadro de persoal, porque non din que a última modificación da RPT foi por unha sentenza en contra que tiveron? Porque neste Concello a vía máis rápida para entrar é traballar desde fóra, que logo xa se xeran dereitos porque vostedes, no tema de persoal, non queren, eu creo que non teñen capacidade de xestionar o persoal ou non teñen ganas de meterse na xestión do persoal e entón foxen desa situación que lle é moito máis cómodo o outro, vostedes externalización de servizos, son unha marabilla. Aquí, neste pleno, acordouse o tema do proxecto do viario para a saída da Feira a Castro Barreiro e á Picoña. Gustaríame ver, e non o atopo, se pode explicarme en que sitio están os cartos para redactar ese proxecto. É un acordo deste Pleno. Xa van varios acordos deste Pleno que este Goberno local pasa amplamente deles, incúmpreos. A min gustaríame ver, neste caso, onde está a partida destinada ao viario alternativo para os veciños e veciñas da Feira, de Castro Barreiro e dunha parte da Picoña.

Sr. Rodríguez Canosa: Por aclarar, en canto ao do IBI, como ben vostede sabe baixouse do 0,5 ao 0,4 e o que propuña este goberno era devolve-lo a ese 0,5. O da subida dío vostede. Evidentemente, se primeiro baixas despois regularizar significa subir. En canto ao relatorio de valores, o relatorio de valores é subir os valores, literal. É subilos. Actualízalos do 87 ao 2025,



2026 ou cando se fagan. Que pasa? Que durante 10 anos a subida non é total, vai subindo un 10 % cada ano ata ter aos dez anos ese 100% de subida.

Sr. Núñez Troncoso: Vexo que seguimos sen contestar ao que todos queremos saber que é o das indemnizacións que se teñen que pagar e faltan por pagar pola sen razón do concelleiro de área e pola señora Alcaldesa. Espero que consulte o dato e o faga publico polas redes, como fan habitualmente. Outra cuestión que quedou pendente no aire, como xustifica e por que ao Caselas hai que baixarlle 3.000? E por que ás escolas deportivas hai que baixarlles 2.000 €? Nin vostede nin a alcaldesa nos aclararon, nin xustificou cal é ese motivo. Espero que agora nos explique por que se lle minorou a subvención en 3.000 € e 2.000 € respectivamente. E por que á Asociación de Comerciantes A Taberna Nova, levamos así 7 ou 8 anos, non se lle consigna ningunha cantidade, como así se lle consigna a ACISA?

Sr. Guerra García: Gustaríame dicirle un par de cousas ao PP. Cando vostedes falan de cartos da Deputación, os cartos da Deputación que veñen para este Concello son deste Concello, iso que quede claro. É dicir, así como doutras administracións poida que non, os cartos que veñen polos programas da Deputación son deste Concello, os que non teñen un reparto dirixido aos Concellos xa se encarga logo o PP de distribuílos ao seu xeito. Iso é de todos coñecido. Vin nestes días, a raíz deste debate e a situación de dúas persoas aquí ausentes por parte do PSOE, unha nota de prensa do PP que me parece que debían ser máis cautos porque o respecto que nos temos aquí todos, pola miña parte creo é básico, creo que nada ten que ver cos soños eróticos de poder que ten o PP. Para iso non conten co BNG, por favor.

Sra. Alcaldesa: Joaquín, sabe que non son moi amante das comparativas, pero O Porriño, maioría absoluta, hoxe estamos a 3 de xullo e non ten orzamentos, nos levamos meses traballando neles, argumentos cero. A vostedes impórtalles pouco o orzamento, que poidan mellorar a calidade de vida da veciñanza de Salceda. Para empezar, ao PP ofrecéuselle, ao igual que o resto dos partidos políticos que forman a oposición, vir recoller un borrador e traballar nel para que esas demandas que fan aquí tan, de maneira tan efusiva, tiveran aportación pola súa parte, nin tiveron a dignidade de vir a recollelo os representantes da veciñanza. Polo tanto xa quedan deslexitimados para dicir calquera tipo de crítica respecto ao documento que hoxe se presenta. Pleno tras pleno, ano tras ano, que a única preocupación do señor Joaquín é o capítulo de persoal, pero é curioso que sendo a súa primeira preocupación o capítulo de persoal, o único goberno que aprobou unha RPT e un convenio laboral foi un goberno formado por Movemento Salceda e PSOE. Esa é a súa preocupación, cando creo que estivo aquí 40 anos de concelleiro, e tanto lle preocupa o persoal, non se dignou en aprobar estes documentos esenciais para respectar os dereitos dos traballadores.

Din, o señor Joaquín e o señor Davila, que gobernamos de maneira atropelada, as decisións tómanse de maneira coherente e se se lle baixou a subvención ás EDM e ao Caselas evidentemente ten unha argumentación e é bastante sinxela de entender. A EDM asumía ata o de agora o custe de alugueiro do pavillón de Entenza por horas a máis, que disfrutaban os diferentes clubs naquel pavillón e que temos conveniado con eles. A partir de xa, esa contía que está cerca dos 2.000 € vaina pasar a asumir o Concello, a través dun convenio, polo tanto o lóxico é reducirle esa contía á EDM xa que pasa a pagala o Concello, fácil explicación. En canto ao Caselas, efectivamente parabéns polo ascenso, polo traballo que fixeron neste ano, e se lle diminúe porque precisamente despois de manter unha xuntanza coa empresa que



xestiona os valados publicitarios do campo de fútbol da Gándara, agora asinaremos un convenio para que eses ingresos repercutan nas contas do Caselas. Xa o viñan facendo, pero agora será dun xeito regularizado e polo tanto a contía de achega deste Concello ao Club Caselas será máis ou menos parella, sumado a que ademais asumimos gastos de transporte, gastos de mantemento que, por suposto, van seguir contando con eles.

Curioso, Joaquín, que falas de todas as administracións e te esqueces da importante achega do Ministerio a través da Confederación Hidrográfica para o saneamento da nosa parroquia, un pequeno lapso. O Partido Popular non ten intención ningunha de aprobar ningún documento que mellora a vida de Salceda, o único que lle preocupa é deixar en evidencia a debilidade numérica que neste momento ten a esquerda, é o único interese que ten, pero o máis triste é que o BNG lle faga *seguidismo*. Señor Tano, hai que gobernar, estar no goberno e dá moitísimo traballo. Hai que traballar, efectivamente hai que traballar. Podía estar dentro desde o primeiro intre, pero, claro, hai que traballar e xa sei que iso é complexo, estar na bancada e na barricada éche moito máis sinxelo. Un consello, as alusións aos aspectos físicos, como o de guapos, evíteas. Houbo, BNG, catro reunións: 24 de marzo de 2025, 27 de marzo de 2025, 11 de abril de 2025 e 26 de abril de 2025; PSOE, cinco reunións, e mais dúas anuladas. Eu teño certa lealdade cando manteño conversas nas que se está negociando ou acordando un documento. Un apunte que se me esquecía, a redución a EDM e ao Caselas foi un acordo en Movemento Salceda, PSOE e BNG. Teño esa lealdade de que, cando se dá esa mesa de diálogo para chegar a un entendemento dun documento tan importante, as negociacións internas adoitan quedar nesta mesa. Vostede desvelou que o único interese do BNG é subir impostos, tiña que desvelar algunha máis das que formulou, como, por exemplo, que a Festa do Cristo non a organizara o Concello. Entre outras cousas dicía que os gastos de limpeza eran escandalosamente elevados e que había que reducilos, nós non estabamos de acordo, evidentemente. Falaba tamén do capítulo de ingresos, eran escasos, e do relatorio de valores e nós dicíamos que non é momento axeitado para iniciar esa revisión, posto que falta un documento tan fundamental como o PXOM para que esa revisión sexa posible; e eu persoalmente lle trasladei que me reunira coa directora do Catastro e ela mesma nos aconsellou que non iniciáramos ese proceso, pero vostede erre que erre que ten que ser así. Múltiples reunións nas que, definitivamente, o Goberno aceptou reducir a partida de protocolo, incluír o 25 % do proxecto de saneamento en Investimento, equiparar a partida de Deporte e Cultura e sacar as prazas da RPT que xa están dotadas economicamente, como acaba de manifestar o concelleiro, que era a de Conserxaría e a de técnico/técnica de Administración xeral; e retirar o investimento da ramplas da igrexa de Budiño e San Xurxo, porque textualmente me dixo que “iso era cousa da Igrexa” cando eu lle argumentei que era en defensa e petición veciñal e cría que eran ramplas de accesibilidade necesarias e que as solicitaba precisamente a veciñanza. Podería estenderme porque teño o san costume de recollelo todo, á parte, manuscrito. Se a posición do Partido Popular é lamentable, porque xa lles dixen cal era a súa intención: destruír, non avanzar, é unha mágoa. O que máis lamento é a posición do BNG, que, despois de horas, de tardes de negociación e achegamento, non conseguimos chegar a bo porto, polo que parece, igual resulta que vota a favor deste documento.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Formado o Orzamento xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2025, así



como, as súas bases de execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0023, de data 25 de xuño de 2025, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto e coñecido o contido do informe da interventora municipal, núm. 2025-0143, de data 25 de xuño de 2025.

Visto o informe da Intervención municipal, núm. 2025-0145, de data 25 de xuño de 2025 de regras fiscais.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Pleno rexeita a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral deste Concello, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas bases de execución, anexos de débeda e investimentos, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte, deixando sen efecto as modificacións de crédito: XC 1/2025, XC 2/2025, XC 3/2025, XC 4/2025, XC 5/2025, XC 6/2025, XC 7/2025, XC 8/2025, XC 9/2025, XC 10/2025, XC 11/2025, TC 1/2025, XC 12/2025, XC 13/2025, TC 2/2025, TC 3/2025, XC 14/2025, TC 4/2025, XC 15/2025, XC 16/2025, XC 17/2025, XC 18/2025 e XC 19/2025.

ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS. EJERCICIO 2025			
CAPITULOS GASTO		CAPÍTULOS INGRESO	
1.- Gastos de persoal	2.492.303,49	1.-Impostos directos	1.870.113,64
2.- Gastos en bens e servizos	3.026.765,72	2.-Impostos indirectos	50.933,15
3.- Gastos financeiros	88.170,92	3.-Taxas e outros ingresos	667.516,86
4.- Transferencias correntes	196.458,63	4.-Transferencias correntes	3.673.677,16
5.- Fondo de continxencia	-	5.-Ingresos patrimoniais	-
6.- Inversións reais	1.569.474,52	6.-Enaxenación de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	-	7.-Transferencias de capital	1.398.836,12
8.- Activos financeiros	-	8.-Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
TOTAL GASTOS	7.412.659,48	TOTAL INGRESOS	7.661.076,93

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.



TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento xeral, as bases de execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, este resulta **REXEITADO** por **CATRO VOTOS A FAVOR (4 MS), E SETE VOTOS EN CONTRA (6 PP) (1 BNG).**

Sra. Alcaldesa: E tristemente se produciu o que eu pensaba e é triste señor Guerra porque non era esencial. O PP non precisaba o seu voto, pero dáme a sensación de que quería visualizar que vai da man do PP en cuestións tan importantes para Salceda como esta. Cando vostede me votou, apoioume como Alcaldesa, dixo que non era un cheque en branco e co seu voto, dáme a min a sensación, pretendía ser unha mazá envelenada para que se deran este tipo de situacións. E e nin vostede é ningún príncipe azul nin eu son Branca Neves, polo tanto aquí imos seguir traballando e xestionando como fixemos estes dous anos. E dígolle todo isto, con todos os respectos a vostede, que nunca lle faltei ao respecto, e ao seu partido; e a admiración que lle teño a Ana Pontón.

Expediente 1700/2025. Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2025	
Non hai acordo	Retirado da orde do día

Resolución:

Pola Alcaldía retírase este punto da orde do día ao estar condicionado o expediente á aprobación do orzamento municipal que foi rexeitado no punto anterior da orde do día.

Moción do grupo mixto - BNG para habilitar prazas de estacionamento na contorna do parque da Gándara para persoas con mobilidade reducida	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Guerra García: Gustaríame contestarlle algunhas cousas porque cando a xente non di as cousas certas, ou minte ou está equivocada, que tamén pode ser. Vostede acaba de dicir bastantes cousas que non se corresponden coa realidade.

Dou lectura á proposta presentada seguinte:

“Proposición: Habilitar prazas de estacionamento na contorna do parque da Gándara para persoas con mobilidade reducida:

O BNG nesta Corporación Municipal de Salceda de Caselas e na súa representación Salustiano Guerra García, concelleiro, ao abeiro do disposto tanto no artigo 34, punto 8, do Regulamento orgánico municipal (en adiante ROM) como no artigo



82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), no exercicio do seu cargo de portavoz do BNG, formula a seguinte iniciativa:

PROPOSICIÓN de habilitar prazas de estacionamento na contorna do parque da Gándara con reserva para vehículos ao servizo de persoas con mobilidade reducida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto na avenida de Galiza coma na rúa A Gándara, no treito coincidente coa rotonda e parque da Gándara, non existe ningún espazo reservado para estacionamento de vehículos que utilizan persoas con mobilidade reducida, ou para aquelas que facilitan os desprazamentos de persoas con dificultades de mobilidade ou usan cadeiras de rodas.

É de coñecemento xeral que tanto ao parque da Gándara coma ás piscinas municipais, na tempada de verán, acoden grande número de persoas, para o que é necesario prever a necesidade de facilitar o estacionamento de vehículos que usan persoas con mobilidade reducida.

Ademais do sinalado no apartado anterior, é de salientar a existencia dunha farmacia e un centro de día. Dan servizo tanto a persoas que padecen enfermidades ou a persoas usuarias acollidas no indicado centro, establecemento no que se observa a parada de vehículos enriba da beirarrúa, xa sexa ao deixar as persoas usuarias ou recollelas.

Existen solicitudes presentadas por Rexistro nas que se lle fai saber a Sra. Alcaldesa esta necesidade.

Polo exposto formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, por unanimidade/maioría, acorda que polo Goberno municipal, Concellaría de Tráfico, se adopten as determinacións que procedan para habilitar prazas de estacionamento na contorna do parque da Gándara, con reserva para vehículos ao servizo de persoas con mobilidade reducida.

Salceda de Caselas, 30 de xuño de 2025”

É lamentable ver que hai un Centro de Día e vemos constantemente o seu vehículo enriba da beirarrúa, creo que o Goberno local debe acoutar esa situación e, de paso, mirar o tema da farmacia, que xa algunha vez se trouxo aquí por parte doutro grupo, e mirar a falta de prazas de mobilidade reducida que implican problemas para persoas que teñen a tarxeta azul, precisamente porque teñen a mobilidade reducida.



Sr. Rodríguez Canosa: Totalmente de acordo coa moción, de feito xa é algo previsto. A cuestión é que na rúa Gándara, polas dimensións, non permite realizar unha praza para mobilidade reducida. Ten que ter unhas dimensións mínimas. Si que na avenida de Galicia está prevista a colocación desas prazas de mobilidade reducida e de farmacia. Ao igual que, tamén, na rúa Victoriano Pérez Vidal, a modificación da praza de estacionamento reservada para farmacia. Na Gándara, xa que non dá as medidas oportunas para realizar estas prazas, optouse por facer e propor unha reserva de espazos para usuarios e usuarias do Centro de Día, é a única fórmula ao non dar as medidas.

Sr. Rodríguez Davila: Nós vamos estar de acordo, pero aquí o que se propón é na contorna do parque da Gándara. Non ten porque ser na rúa da Gándara, pode ser na rúa Gándara ou na avenida de Galicia. Quero recordar que levamos máis dun ano e medio pedindo que se dote de estacionamento para os usuarios que van á farmacia da Gándara. O Goberno leva ano e medio sen atender esa petición, xa se lle dixo por activa e por pasiva, din que si, que si, despois que ían facer antes de primavera, pasou a primavera, van máis de dez días de verán e seguimos igual. Estamos de acordo. Incluso se falou aquí, con diferentes propostas, de darlle unha repensada, no tema do tráfico, en canto á sinalización, tanto vertical coma no propio chan, incluso dirección de rúas etc.; creo que merece a pena facer un traballo se se quixese, se fose un traballo de boa fe, poñer en común as ideas de cadaquén xunto coa Policía Local e os colectivos de comerciantes, por exemplo, para intentar entre todos mellorar todo en canto a estacionamento, mobilidade, tempo de estacionamento, diferentes tipos de sinalización, en canto a aparcadoiro de hora etc. Pero xa se leva demostrado a vontade que ten este goberno, que nin cos que a fixeron alcaldesa ten a ben acordar. O noso voto vai ser a favor.

Sr. Guerra García: Acaba de aclarase que non falamos de que se abran esas prazas na rúa da Gándara, pode ser na contorna do parque da Gándara.

Sr. Rodríguez Canosa: Xa expliquei que na rúa Gándara non pode haber unha praza de mobilidade reducida polas dimensións, si que estaba previsto, e é o aconsella a Policía Local, na avenida de Galicia.

VOTACIÓN: Sometida a moción a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, ACORDA :

Que, polo Goberno municipal, Concellaría de Tráfico, se adopten as determinacións que procedan para habilitar prazas de estacionamento na contorna do parque da Gándara, con reserva para vehículos ao servizo de persoas con mobilidade reducida.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos desde o núm. 2025-04687 de 21 de abril ata o núm. 2025-0851 de 27 de xuño.

Queda dada conta dos decretos desde o núm. 2025-04687 de 21 de abril ata o núm. 2025-0851 de 27 de xuño.



Dación de conta da renuncia como concelleiro de Saúl Olmo Vaqueiro.

Dáse conta do escrito de renuncia presentado en data 19.06.2025 (Rex. Entrada núm. 2025-E-RE-1489) polo concelleiro Saúl Omo Vaqueiro, con DNI núm. 35571942G, pertencente ao grupo político Partido dous Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE), polo que solicita tramítese a súa renuncia como concelleiro.

As persoas membros do pleno quedan decatadas da sinalada renuncia.

Dación de conta da renuncia como concelleiro de Jorge Gregorio Vaqueiro.

Retírase da orde do día a renuncia do Concelleiro Jorge Gregorio.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura ao escrito presentado por Jorge Gregorio Vaqueiro, seguinte:

“DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

Para facer constar que en data 03.07.2025, sendo as 19:25 horas, no despacho de Secretaría, se fai entrega polo concelleiro Jorge Gregorio Vaqueiro dun escrito asinado por el de forma manuscrita no que revoga a dimisión ao cargo de concelleiro que presentou en data 19.06.2025 (Rex. Núm. 2025-E-RE-1477), solicitando a esta Secretaría que se dea conta desta revogación na sesión plenaria convocada para hoxe ás 20:30 horas, deixando sen efecto a dación de conta da súa dimisión.

Faise constar por esta Secretaria que a renuncia ao cargo de concelleiro non é efectiva ata que o Pleno toma coñecemento da mesma, por tanto, o concelleiro poderá retirala en calquera momento antes de que isto suceda e así o establece o Acordo da Xunta Electoral Central, de 29 de marzo de 1995, núm. 124/1995, que literalmente di:

«Comunicar que, conforme esta Junta tiene reiteradamente acordado cabe el desistimiento de la declaración de voluntad de renunciar al cargo de concejal o Alcalde siempre que el mismo se produzca con anterioridad a la toma de conocimiento por el Pleno del escrito de renuncia».

Seguidamente paso a ler o escrito do concelleiro:

“Á ATENCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS

O pasado 19 de xuño presentei un escrito de dimisión á miña acta de concelleiro debido á decisión tomada pola Agrupación municipal do PSdeG-PSOE de Salceda de dimitir en bloque de todas as nosas responsabilidades. Recoñecendo non estar moi de acordo coa decisión tomada, aceptei, xa que entendo que moitas decisións deben tomarse de xeito colectivo.

Esta decisión supuxo unha marea de noticias e comentarios sobre o futuro do



PSdeG-PSOE en Salceda de Caselas e sobre a estabilidade política no Concello. Os comentarios fóronse multiplicando sobre se as cadeiras dos socialistas en Salceda quedarían valeiras ou se alguén asumiría as actas de concelleiro ou non.

O paso dos días demostroume que a decisión non foi tan unánime como se dixo e que compañeiras e compañeiros da agrupación estaban chamando a cargos do partido buscando unha solución. O que se vendeu como unanimidade nunca foi tal.

Recibín chamadas e visitas de xente que eu identifico de diferentes tendencias políticas preguntándome que ía pasar, e reclamándome que non é normal que por un debate interno da organización se deixe sen representación a cidadanía.

A esixencia de responsabilidades por parte da xente trasladouse tamén a diversos cargos do partido, que me solicitaron que "axude na reconstrución do PSdeG-PSOE en Salceda de Caselas". A imaxe dunha candidatura abandonada á espera de que alguén recolla a acta ou negocie con algunha outra formación paréceme un xeito esperpéntico de deixar o Partido Socialista.

Por tales circunstancias e sabendo que a partires de agora estarei no punto de mira de moita xente, decido:

1. Poñerme ao servizo da organización para, dentro das miñas posibilidades, "axudar na reconstrución do PSdeG-PSOE ou partido en Salceda de Caselas".
2. "Revogar a miña dimisión como concelleiro e seguir exercendo como tal".

En Salceda de Caselas, a 2 de xullo de 2025
Jorge Gregorio Vaqueiro"

Sr. Rodríguez Davila: Que día e hora estivo en Secretaría?

Sra. Alcaldesa: Volve a dar lectura á dilixencia de Secretaría que literalmente di: "Para facer constar que en data 03.07.2025, sendo as 19:25 horas, no despacho de Secretaría, se fai entrega polo Concelleiro Jorge Gregorio Vaqueiro".

Petición de comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación á presentación do Proxecto de ampliación do pavillón

Sra. Alcaldesa: O Partido Popular pediu a comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación á presentación do proxecto de ampliación do pavillón, e decido comparecer nesta mesma sesión plenaria.

A petición do PP dicía o seguinte: dar conta do motivo polo que presentou o Proxecto de ampliación do pavillón, que incumpre as medidas regulamentarias na súa pista e con 38 asentos, e sen convocar a reunión/xuntanza cos clubs e a Corporación, tal e como se comprometera; e asemade, situación actual de todas as tramitacións realizadas ata a data da comparecencia.



Quero comezar a miña comparecencia precisamente agradecendo a petición desta, pois creo e considero que é unha oportunidade engadida para poder explicar a nosa xestión de goberno, e quero facer fincapé no final da frase: a nosa xestión. Por que, señores do Partido Popular, non se trata da súa xestión, porque vostedes romperon o consenso que se pediu no Pleno por parte de diferentes clubs. A súa primeira e única xestión foi organizar reunións de costas a este goberno e do resto da Corporación. Causa, día, de facelo utilizando sen autorización as instalacións municipais e pondo con iso en entre dito o labor do persoal do Concello que traballa nesas instalacións. Todo iso cun único propósito: dividir. Por aquilo de: “divide e vencerás”, que é o que fixo vostede, señor Santiago, desde o primeiro momento, neste asunto, cando distintos clubs trouxeron unha proposta para colaborar de maneira unida na busca de financiamento dun novo pavillón deportivo, e vostedes dixeron: “si, pero non así”. Lembran? E comezaron a divagar con propostas e formulacións imaxinativas. Gustaríame saber onde quedou aquela proposta súa, señor Santiago Rodríguez, formulada no Pleno ordinario de outubro de 2024, de dedicar os 875.000 € do Plan Extra a un novo pavillón. Que tipo de pavillón era ese? Por certo, este goberno decidiu que fose para o saneamento de Entenza, como xa dixen antes. Resulta que con 875.000 € de inversión si que era suficiente e agora o proxecto do goberno de 1.689.999,22 € non é suficiente. Algo non acaba de cadrar, non si?, señor Santiago. Vou ler o que recolle a acta desa sesión plenaria como mostra dos seus bandazos políticos: “Rogo que se presente a través do Plan Extra da Deputación de Pontevedra o proxecto anexo de Ampliación do pavillón municipal”, o señor Rodríguez Davila di: “Presentamos este rogo unha vez que tivemos coñecemento da publicación do Plan Extra da Deputación de Pontevedra onde se pon a disposición dos concellos a oportunidade de presentar proxectos de calado e onde se pode contar con unha subvención, unha achega económica importante neste caso, dado que o Pleno aprobase ese proxecto de anexo do pavillón municipal e dado a necesidade que hoxe existe da mesma, aínda que xa o dixemos naquel momento e volvo a dicir que a día de hoxe, a día de hoxe, ese proxecto está un pouco coxo no sentido de que non cumpriría a pista deportiva para competicións regulamentarias oficiais, como digo cremos que é necesario no sentido de que solucionará un grave problema que temos de adestramentos de clubs e deportistas e, polo tanto, rogamos neste caso á señora Alcaldesa que presente a este Plan Extra de Deputación este proxecto que aprobamos unánimemente na Corporación anterior e nos gustaría se nos puidese contestar se o van a presentar ou se, á contra, decidiu o goberno a presentación ou está a traballar noutra petición”. Isto chámase dar bandazos, primeiro valía 875.000 €, primeiro valía un engadido a esa pista, solucionaba os problemas dos clubs deportivos; pero, de repente, cando o Goberno ten a oportunidade de financiar este proxecto cunha contía superior e facelo máis grande, pois ao Partido Popular de Salceda non lle serve. Non sabemos, sabemos que vostedes non teñen lealdade con este goberno pero tampouco a pedimos, só que saiban representar con dignidade os veciños e veciñas de Salceda. Deberían ser leais coa xente e non xogar a ese xogo noxento de “divide e vencerás”, que o saben facer moi ben e lévano facendo todo este mandato para tentar dinamitar un goberno de esquerdas e lexítimo; pero, afortunadamente, a veciñanza xa se está dando de conta. Nós non sabemos se vostede, señor Santiago, conseguirá ou non presentar esa moción de censura pola que anda aclamando, pero, se o consegue, poderá facer todos eses castelos que queira, mentres non o consiga os veciños e veciñas da vila son soberanos e nós imos dedicarnos a gobernar e non imos nunca a dobregarnos ante a xenreira coa que vostedes o fan. Ou acaso non é certo que mentres a nós nos esixían reunións abertas con clubs, técnicos, partidos da oposición, vostedes ían pola calada e facían coma os raposos



e mantíñan reunións cos clubs para intoxicar coas súas fantasías e poñer paus nas rodas? Señores e señoras do PP, non se pode esixir lealdade mentres carecen totalmente dela e nin sequera respecto institucional indo a organizar reunións de tapadiño nos despachos do Concello sen autorización.

Imos coa cronoloxía, precisamente, das xestións: o 21 de abril convocouse a subvención para a distribución dos fondos excepcionais do fondo local, destinado a investimentos, a infraestruturas municipais de carácter estratéxico. Nós cremos, este goberno creu, que encaixaba perfectamente nesta subvención facer un novo pavillón reforzando o proxecto xa existente.

O día 22 de abril foi a primeira reunión en Urbanismo para coñecer as liñas básicas entre técnicos, clubs e oposición. Nós si que convocamos a todo o mundo e de maneira aberta. Un proxecto novo dun pavillón deportivo non se fai nun abrir e pechar de ollos e tiñamos que avanzar, pois o prazo era dun mes para a presentación desta subvención. Este goberno ten que tirar para adiante, non perder unha oportunidade como esta; pero ao mesmo tempo queríamos, neste proxecto especialmente, contar coa oposición.

O 8 de maio houbo un punto de inflexión, decatámonos de que o Partido Popular ía por libre e convocan reunións de costas aos demais. Unha das cousas que se formulou nesa reunión do PP foi que o proxecto podía facerse por fases, iso permitiría facer un megaproxecto en varios anos, isto foi o argumento que o lle PP vendeu aos clubs.

O día 19 de maio entrégase o proxecto concluído e tamén un informe de Secretaría no que se di que non se pode facer, precisamente, por fases.

O 20 de maio realizamos unha consulta urbanística á Xunta, o equipo técnico do Concello quería ter claras as posibilidades urbanísticas de usar a parcela que propuxo na primeira reunión o Partido Popular; por certo, esa consulta reiterouse o pasado 26, sen resposta.

O día 21 de maio solicitouse, efectivamente, a subvención e fíxose porque contaba con todos os documentos e non había tempo para máis cambios.

E quero dicir que, se conseguimos o financiamento, eses case 1.700.000 €, e a Xunta nos responde positivamente a cuestión urbanística que formulaba o Partido Popular, poderíamos reformular a situación por consenso e sempre sen imposicións. Nós queremos conseguir un pavillón que reúna as características básicas para as grandes peticións dos clubs no seu escrito, que presentaron neste pleno municipal; pero que, ademais, sexa eficiente en canto ao uso de enerxía para que o seu custe e mantemento sexa sinxelo de asumir polo Concello e sexa, ademais, doado de xestionar co persoal necesario para que non sexa precisamente un gasto excesivo.

Nós temos que xestionar os recursos con responsabilidade. Lémbrolle a vostede, señor Santiago Rodríguez, que este Concello está formado por 9473 habitantes e aínda que sexamos ambiciosas, que o somos e moito, temos sempre os pés na terra. Deixámoslle a construción de pirámides para cando vostede governe, ao igual que o parque acuático, e estamos seguras, convencidísimas, de que o novo pavillón vai chegar e que todos e todas debemos empurrar na

mesma dirección para que Salceda siga avanzando no eido deportivo; e que este impulso permita que a veciñanza viva mellor, practique máis deporte e, por suposto, sexa máis feliz no seu Concello.

Sr. Rodríguez Davila: Unha vez máis, medias verdades. Porque, por sorte, neste caso había moitos presentes e testemuñas. Cando se conta só unha parte do que lle interesa á señora Dolores Castiñeira, queda moi bonito cara á xente que non viviu todo ese proceso. Efectivamente, vostede empezou por aquel rogo que nós fixemos no mes de outubro, é verdade, pero por que non le a acta do Pleno de abril deste ano? Porque o importante das persoas, dos grupos políticos e de calquera colectivo é que, cando un ten documentación, neste caso unha lei que ampara mellorar o que un defendía hai seis meses, o serio, o sensato, o coherente e o responsable é: se nós propoñiamos este pavillón coa documentación que tiñamos en outubro do ano 24 e agora, en abril do ano 25, temos outra documentación, outra lei, que nos dá a posibilidade de mellorar moitísimo o que defendiamos en outubro, por que un non vai a cambiar? Se vai mellorar radicalmente o que se formulaba, non por este grupo senón pola Corporación no ano 23 e por todos en cuestión, porque era o documento que tiñamos nese momento, que problema hai en cambiar se vai mellorar radicalmente a construción dese pavillón? Que é o que levamos defendendo desde entón ata agora, diante de vostede, dos clubs e dos demais grupos políticos. Por certo, todos se sumaron a esa cuestión, sempre que sexa viable e a lei o di, dío ben claro a lei, pero vostede tomou a decisión de facer unha consulta a maiores á Xunta. Vostede sábeo e o departamento de Urbanismo que a leu a posteriori, despois de nós facela pública neste pleno e despois daquela reunión onde lle desmontamos a imposibilidade que se nos dixo por parte de Urbanismo que non se podía construír nesa zona traseira do pavillón porque, entre outras cousas, estabamos limitados pola altura. Mentira. O artigo da Lei 1/2024 deixa claramente que si se pode construír máis de 7 metros: “excepcionalmente podrá excederse dicha altura cuando las características específicas de la actividad debidamente justificadas lo hicieran imprescindible”, como é caso do pavillón. Logo díxosenos que non se podía, diante dos clubs, todo isto para contrapoñer unha proposta positiva do Partido Popular que era facer unha ampliación do pavillón lonxitudinalmente, igual ao que temos agora e non de forma transversal. Co cal iamos ter unha pista que non cumpría a medidas mínimas de 20x40 e vamos a ter, se vostedes fan ese proxecto, un pavillón que só vai ter 38 asentos, cando se pode facer un pavillón exactamente igual, parecido, mellor do que temos, con bancadas nos dous lados ou que acordemos ou o que os arquitectos de cada momento presenten, e que acordemos entre todos cos clubs, Corporación, ... pero non só vostede señora Alcaldesa. Como nós argumentamos coa lei na man, naquela reunión en Urbanismo, diante dos clubs e de vostedes, que si se podía construír pola altura, que non era ningún impedimento, logo se nos dixo que non se podía construír porque eran parcelas con referencias catastrais diferentes. É dicir, a parcela onde está o actual pavillón e a parcela que hai onde están as pistas deportivas e a pista de pádel son referencias catastrais diferentes. Díciásenos que había que deixar un recuamento entre as dúas construcións, é dicir, entre o pavillón actual e o pavillón futuro. Mentira, porque a lei di claramente que, sendo do mesmo propietario, as diferentes parcelas se poden unificar etc. Polo tanto, como está na lei e nós estamos convencidos de que se pode construír, pois defendémolo. Nós non vamos de tapadiño señora Alcaldesa. Vostede quedou de convocar unha segunda reunión para tomar unha decisión definitiva con todos, para ver se o Concello presentaba ese proxecto tal e como vostedes querían; é dicir, a pista que incumpría as medidas regulamentarias e con só esas 38 bancadas ou se, pola contra, iamos ao proxecto que nos defendíamos que era aproveitar esta



modificación da lei, que entrou en vigor en xaneiro do ano 2024, para poder facer un pavillón acorde ás necesidades e, sobre todo, un pavillón pensado a 20-30 anos por diante e que non teñamos que facer un remendo, que logo nos arrepintamos. Vostede, como mirou que a maioría dos clubs non apoiaban o que vostede quería, pois vostede non convocou esa reunión e presentou por libre ese proxecto a esa convocatoria. Vostede incumpriu a súa palabra. Vostede incumpriu cos clubs e incumpriu cos membros da Corporación. E os clubs, coa documentación na man, non quixeron, a maioría deles, só tres dos cales só dous non lles imposibilita esa pista non regulamentaria exercer o seu labor (unha, porque non vai competir nesa pista, porque é fútbol, e outro, porque utiliza un *tatami* e non utiliza unha pista propiamente dita como pode utilizar balonmán, fútbol sala etc.), e o resto dos clubs non lle avalou o que vostede quería e iso que o intentou, non lle impuxemos a ninguén que firmara ou deixara de firmar, nos fomos a informar e a defender licitamente, claramente diante dos clubs o que consideramos que era viable. É mais, xa lle digo, que máis grupos desta Corporación están de acordo co que nos dicimos e propoñemos.

Chegados a este punto, señora Alcaldesa, insinúa vostede que nós non podemos ir ao pavillón a reunirnos alí cun club? Que lle temos que pedir permiso a vostede? Pensei que o pavillón era de todos, igual ao mellor agora o pavillón e de vostede. Este grupo pode facer unha reunión no pavillón, é máis, fixemos a última no vestíbulo da entrada. Como se tivera que facela na rúa señora Alcaldesa. Creo que non estamos nunha ditadura en Salceda e creo que podemos facer as reunións que consideremos. O que pasa é que a vostede lle molesta que lle levemos a contraria e non é iso, porque iso é parte da vida política. O problema e o grave é que vostede, diante dunha realidade contundente como é unha lei que non ten argumentos para saír, prefere tirar para adiante pese a non ter o apoio de case ninguén, antes de recoñecer que é mellorable ese proxecto. Como acaba de dicir, que está disposta a modificalo se a Xunta lle contesta positivamente. Pero, se está na lei... Sería unha ingrata sorpresa que a Xunta conteste contrario ao que di a lei, é dicir, a lei é clarísima a ese respecto. Deixe de mofarse sobre propostas positivas que fixemos nós na campaña, na que nos apoiaron maioritariamente os salcedáns. Como algo que é falso, o que vostede di, nós non dixemos en ningún momento “un parque acuático”, pero vostede dío e parece que nós queremos facer aquí un Cerceda 2... Eu vexo que en concellos limítrofes que teñen xogos auga ao lado de río, entre outros o río Louro, por exemplo, e nos non podemos optar a iso porque temos un goberno que prefere facer outras cuestións e non pensar ou intentar facer servizos que estou seguro que os veciños agradecerían, utilizarían e darían resposta a moitas necesidades, entre outras cuestións... Creo eu que case a maioría dos salcedáns non estarían equivocados se non fosen propostas sensatas e coherentes. Polo tanto, señora Alcaldesa, espero e desexo que non siga con ese tic autoritario.

Señor Concelleiro de deportes, non esperabamos de vostede esa defensa, ese *seguidismo* á señora Alcaldesa nun tema que, ao final, se se leva a cabo como vostedes defenden, quedará escrito o seu nome ao igual que o resto do goberno minoritario nunha obra da que nos vamos a arrepentir. E o problema non é que se arrepintan vostedes, o triste é que o van a padecer os veciños de agora e no futuro. Se se poden facer as cousas ben, por que facelas mal? Se a lei nos ampara, por que empeñarse en facer algo que non dá servizo á maioría dos clubs, en serio, de verdade, vostedes están a favor de facer un pavillón que incumpra a pista e que só ten 38 asentos? Espero e desexo, remato, que reflexionemos e que acordemos unha ampliación e un



pavillón como nos merecemos e non un remendo que antes “si” e agora “non” porque a Lei permítenos facer outra cousa ben diferente.

Sra. Alcaldesa: Eu o quero, e creo que todos e todas vamos a estar de acordo niso, é que chegue o case 1.700.000 € para a construción dese novo pavillón, que estou segura de que cumprirá os requisitos e as necesidades de todos os clubs. E se a Xunta ten a ben respondernos de que os condicionantes urbanísticos para poder ampliar ou virar o pavillón son acaídos á nova normativa e se se pode facer nesa parcela, perfecto. Unha vez que sexa concedida a subvención, modificarase o proxecto, que ademais é posible, esa é a maior dificultade... A dificultade real é que nos concedan 1.700.000 €.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Lorenzo Rodríguez: En referencia ao poste de iluminación pública que hai no primeiro paso de peóns na estrada que vai da Venda Nova á Picoña, é un poste que xa hai anos un choque deixou moi danada a estrutura. E, no seu momento, botáronlle cemento; pero a día de hoxe ese cemento saíu todo, está o ferro á vista e presenta unhas gretas que considerablemente a seguridade dá que desexar dese poste.

Sra. Alcaldesa: Se podes e tés a ben, me envías a situación e tratarei de solucionalo o antes posible.

Sr. Guerra García: Eu teño un rogo e é dicirlle á señora Alcaldesa que non falte a verdade despois da explicación que deu, que eu non puiden defenderme, ao dicir que na primeira reunión despois do pleno extraordinario de marzo, isto foi o que se nos entregou de orzamentos, estes dous papeliños. O BNG nunca nomeou a ningún club, señora, nunca, simplemente pediu que se equiparase Cultura a Deporte. O rogo é que a próxima vez non falta á verdade.

Sra. Alcaldesa: En canto o que di o señor Salustiano, efectivamente na primeira reunión entregóuselle o borrador porque era o único que tiñamos e o documento base. Agora vou dicir o que lle entreguei na reunión número 3: expedientes 938/2025, primeiro, estado de gastos, segundo, estado de ingresos, terceiro, anexo de persoal funcionariado, cuarto, anexo de persoal laboral, órganos de goberno e persoal eventual; quinto, información relativa aos beneficios fiscais e tributos locais. Ademais disto, entregóuselle o expediente completo 1037/2025, investimentos 2025, e tamén lle argumentamos con documentos as diferencias entre os gastos e ingresos e cumprimento no plan de axuste.



PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Vai convocar vostede a comisión para nomear os salcedáns distinguidos deste ano 2025.

Sra. Alcaldesa: Foi así o que acordamos, ademais, na Comisión que celebramos. Vostede non estaba presente, pero o seu compañeiros Joaquín, Vanessa e Luis si estaban e así foi. Hai nada recibimos a súa proposta e será convocada.

Sr. Rodríguez Davila: Vai utilizar vostede, dada a situación actual da Corporación, o uso da moción de confianza para aprobar os orzamentos de este ano 25?

Sra. Alcaldesa: A pregunta tíñala escrita de antes non? Por que agora a situación mudou e agardo que mude máis.

Sra. Pérez Cabaleiro: Respecto da moción anteriormente presentada polo compañeiro do grupo mixto BNG, nós xa presentamos en decembro do 2023, en febreiro, e en todos os plenos que se convocaron desde febreiro ata agora, a mesma pregunta. A resposta foi que antes de que se acabase a primavera se ía pintar o que a praza, neste caso de atención rápida, para poder aparcar diante da farmacia da Gándara, xa estamos no verán e non se pintou, neste caso, o que é a praza. Entón a nosa pregunta é: cando se vai pintar a praza na farmacia da Gándara?

Sr. Rodríguez Canosa: Si, retrasouse máis do previsto porque tiñamos pensado inicialmente os traballos, fóronse recollendo achegas e agora van ser máis traballos. Estaba previsto no mes de maio, pero ampliáronse os traballos, e tentaremos facelo o máis axiña posible. A min tamén me gustaría que estivese feito, evidentemente, pintado nas rúas do centro.

Sra. Pérez Cabaleiro: Outra cuestión, que levamos atrasada tamén, é sobre o cambio de sentido, entre a rúa Rosalía de Castro e Rafael Tilve, diante de Sanfer, tamén nos dixestes que se ían poñer en marcha.

Sr. Rodríguez Canosa: No mesmo proxecto está iso.

Sr. Fernández Pérez: Este concelleiro presentou por rexistro o 27 de febreiro, que despois expuxo en Pleno, a reparación de contedores de lixo na parroquia de Parderrubias. Quixera saber, despois de 4 meses, o motivo polo cal, a día de hoxe eses contedores aínda seguen sen tapa.

Sra. Alcaldesa: Cambiáronse uns cantos e limpáronse, se nos pasas a relación darémoslle atención.

Tamén, Luis, aproveitando, creo foras ti a través dun rogo ou dunha pregunta, sobre os pasos elevados na Carrasca... Creo que ese día, era a 1:10 h cando estabamos no apartado de preguntas, deuse unha confusión de que se a Asociación de Veciños dixera: non a eses saltos. Creo que debo pedir desculpas se se interpretou así, para nada a Asociación de Veciños se opuxo, era nun contexto no que se estaba falando de saltos noutras situacións e o pouco queridos que son por parte da veciñanza e, eu teño dicir que volví a ver o vídeo e efectivamente a que se equivocou na exposición fun eu. E quero recoñecer e exculpar a



Asociación de Veciños, e ademais pasei pola zona, precisamente polo bar, para tratar de aclarar e que non haxa confusións. Eu creo que cando unha se equivoca hai que corrixilo e deixalo claro, e tamén vos pido desculpas a vós.

Sr. Guerra García: Aquí no lateral da Casa do Concello hai unha praza para discapacitados, ao entrar na rúa hai un sinal de dirección prohibida que só permite a vehículos autorizados. Como calquera persoa que teña a placa para aparcar nesa praza non pode acceder a rúa, poden darlle solución a isto?

Sr. Rodríguez Canosa: Evidentemente unha vehículo que ten unha tarxeta enténdese como vehículo autorizado a entrar nunha zona na que hai unha praza de mobilidade reducida.

Sr. Guerra García: Unha tarxeta azul non autoriza a entrar por unha dirección prohibida.

Sr. Rodríguez Canosa: Non é unha dirección prohibida senón que é prohibido circular na que se di: “excepto vehículos autorizados”. De todos modos consultarei a legalidade ou a ilegalidade diso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

